

Hannah Arendt

A crítica ao totalitarismo. A condición humana en H. Arendt

I.- VIDA

Filósofa e **teórica política alemá de orixe xudía**, nacida en Hannover (Alemaña), en 1906 e morta en 1975. Os seus antepasados proviñan da cidade de Immanuel Kant, Königsberg, actual cidade rusa de Kaliningrado, a onde regresaron cando Hannah tiña só tres anos.

Tras a morte do seu pai, en 1913, foi **educada pola súa nai, de tendencias socialdemócratas**, de forma bastante liberal. De ela, unha muller intelixente e culta, de orixe rusa, Arendt dixo algunha vez: “Débolle moito a miña nai: sobre todo, terme criado sin prexuízos e con todas as opcións abertas”.

Sen embargo, debido ao crecente **aumento do antisemitismo**, vese na **obriga de fuxir de Alemaña** en 1933 como resultado do ascenso ao poder de Hitler e, despois dunha breve estadía en Praga e Xenebra, **múdase a París, onde durante seis anos (1933-1939)** traballa para varias organizacións de refuxiados xudeus (aí coñece a Simone de Beauvoir). En 1936 sepárase do seu primeiro marido, Günther Stern, e comeza a vivir con Heinrich Blücher, con quen se casa en 1940. Durante a súa estadía en París continúa **traballando na biografía da escritora alemá de orixe xudía Rahel Varnhagen** (escritora xudeo-alemá de Berlín, na época do romanticismo, seguidora das ideas ilustradas europeas, defensora da emancipación dos xudeus e das mulleres), que non se publicaría ata 1957.

En 1941 vese na obriga de abandonar Francia e **múdase a Nova York** co seu marido e a súa nai. En Nova York axiña pasa a **formar parte dun influínte círculo de escritores e intelectuais reunidos arredor da revista *Partisan Review***. E durante o período de posguerra, dá **conferencias** en varias universidades estadounidenses, incluídas **Princeton, Berkeley e Chicago**, aunque estaría máis estreitamente asociada coa ***New School for Social Research*** (unha especie de nova sede da Escola de Frankfurt en Nova York), na que foi profesora de Teoría Política ata a súa **morte en 1975**.

II.- ANTECEDENTES FILOSÓFICOS

- **Martin Heidegger**: En 1924, sendo ela xudía, estudou na **universidade de Marburgo** onde tivo como profesor ao filósofo **existencialista Heidegger**, logo **acusado de defensor do nazismo** (como parece corroborar a obra póstuma “Cadernos negros” recentemente publicados en 2014). Ademais de profesor, **Heidegger foi o seu amante** (sen que o romance se fixese público) e amigo durante case toda a vida.

- **Edmund Husserl**: Na **universidade de Friburgo** asistiu ás conferencias do **profesor xudeu Husserl** durante un semestre, un dos máximos representantes da corrente filosófica da **Fenomenoloxía**.

- **Karl Jaspers**: En 1926 trasladouse á **universidade de Heidelberg** para facer a tese co filósofo **existencialista Karl Jaspers** sobre santo Agostiño de Hipona, titulada **“Sobre o concepto de amor en santo Agostiño”**.

III.- OBRAS:

1) ***As orixes do totalitarismo***, en 1951. A súa primeira obra importante é un profundo estudio sobre os **réximes nazi e stalinista**. Nesta obra describe o **“mal radical”** dos réximes totalitarios, que logo

substituirá pola “**banalidade do mal**” no xuízo a Eichmann.

2) *A condición humana*, en 1958: a súa seguinte obra fundamental, na que ofrece unha visión persoal e provocativa sobre a existencia humana, e a **importancia da “acción política” preservando la “esfera pública” como un espacio de “liberdade e participación” cidadá.**

3) *Eichmann en Xerusalén. Un estudio sobre a banalidade do mal*, publicada en 1963. Resultado dun artigo que escribiu como reporteira da revista *New Yorker* despois de **asistir ao xuízo ao Tenente Coronel nazi Adolf Eichmann celebrado en Israel en 1961.**

IV.- ESQUEMA DO TEMA SEGUINDO AS IDEAS DESTAS TRES OBRAS

4.1.- *As orixes do totalitarismo, de 1951*

Na súa primeira obra importante *As orixes do totalitarismo*, Arendt realiza unha profunda análise dos réximes totalitarios do século XX, que ela reduce a dous: **o nazismo en Alemaña e o stalinismo na Unión Soviética.** Alí analiza as condicións sociais, políticas e culturais que levaron ao xurdimento do totalitarismo.

No **Prólogo á Tercera Parte titulada “Totalitarismo”**, despois da caída da Alemaña nazi faise tres preguntas que ordenan o seu estudio do totalitarismo:

“¿Que sucedeu? ¿Por que sucedeu? ¿Como puido suceder?”

Percorrendo estas tres preguntas, Arendt sostén que **o totalitarismo é un fenómeno político sin precedentes, radicalmente diferente de outras formas de goberno xurdidas na historia.** Por conseguinte examina **o papel do antisemitismo e do imperialismo como forzas impulsoras que conducen ao totalitarismo.**

O libro está composto por **tres partes denominadas: Antisemitismo, Imperialismo e Totalitarismo.**

1ª Parte “antisemitismo”: Arendt sostén que o *antisemitismo* é unha ideoloxía que converte aos xudeus en “**chibos expiatorios**” ao presentalos coma unha ameaza para a sociedade e proporcionou unha **base ideolóxica para a persecución e o exterminio masivo dos xudeus.** Esta actitude xurdiu da necesidade de atopar **un inimigo para xustificar problemas sociais, económicos ou políticos máis amplos e foi un dos motores que levou ao totalitarismo.** Advirte que o antisemitismo **non é exclusivo dunha soa ideoloxía política (nazi ou estalinista),** senón que pode atoparse en diversos contextos e sectores da sociedade, e subliña que tampouco é unha característica inherente da humanidade, senón que é produto de *condicións históricas e sociais* particulares.

2ª Parte imperialismo: Arendt argumenta que **tamén o imperialismo foi unha das forzas motrices que levaron ao totalitarismo** ao ser a resposta á crise europea no século XIX. Segundo a autora, o imperialismo xurdiu como unha estratexia para **expandir o dominio político e económico das potencias europeas en outros territorios, especialmente en África e Asia.** Describe como esta estratexia de explotación e sometemento de outros pobos sentou as bases para a **eliminación dos dereitos e a cidadanía dos individuos, ao desposuír ás persoas da súa condición de seres humanos libres e da súa capacidade para participar na “esfera política e pública”.**

Considera tamén que o imperialismo **leva involucrado o racismo.** O racismo categoriza as persoas

segundo a súa raza e por iso serve de base ao imperialismo, pois **xustifica a explotación e opresión** das persoas consideradas **“racionalmente inferiores”**.

3ª Parte totalitarismo: Finalmente, a terceira parte aborda o concepto de *totalitarismo* e analiza como estes réximes **baseáronse na ideoloxía e a propaganda, a violencia e o terror, para o “control total” do individuo e da sociedade**. Examina tamén a lóxica interna dos réximes totalitarios, **a súa capacidade para manipular e controlar as masas, destruindo os fundamentos da liberdade e a responsabilidade individual**. Unha das características fundamentais das **masas** detectada por Arendt aquí é **o seu conformismo e a súa falta de pensamento crítico**.

As masas carecen da capacidade de razoar de forma independente e tenden a seguir cegamente as ideoloxías e directrices do movemento, de maneira que son facilmente influenciadas pola **propaganda e la manipulación emocional**, o que as converte nunha ferramenta poderosa para os líderes totalitarios, xa que están dispostas a cometer actos violentos e destrutivos.

O anonimato e a perda de responsabilidade individual no seno da masa brinda aos individuos unha sensación de poder e liberación, o que **facilita a perpetración de actos de violencia contra os “inimigos” designados polo réxime**. Por outra parte, Arendt argumenta que o totalitarismo busca **destruír a “esfera pública”, eliminando os espazos de debate e participación política**. No lugar dos espazos de debate e participación política o totalitarismo establece **un sistema de terror e vixilancia constante que anula esa capacidade de debate**, así coma a pluralidade de opinións.

En xeral, Arendt sostén que **os réximes totalitarios son produtos de condicións históricas específicas, e representan unha ruptura radical coa tradición política occidental, deixando sin sentido a maioría das nosas categorías morais e políticas**. Polo que xa non podemos volver aos conceptos e valores tradicionais, para explicar o inédito.

A modo de síntese de todo isto, afirma Arendt no Prólogo á primeira edición o seguinte:

“O antisemitismo (non simplemente o odio aos xudeus), o imperialismo (non simplemente a conquista) e o totalitarismo (non simplemente a ditadura), un tras outro, un máis brutalmente ca outro, demostraron que a dignidade humana precisa dunha nova salvagarda que só pode ser achada nun novo principio político, nunha nova lei na Terra, cuxa validez debe acadar esta vez a toda a Humanidade e cuxo poder deberá estar estritamente limitado, enraizado e controlado por entidades territoriais novamente definidas.” (A ONU e a DUDH)

4.2.- Eichmann en Xerusalén. Un estudo sobre a banalidade do mal, xuízo de 1961, pero obra publicada en 1963.

En 1961 asiste, como **reporteira da revista The New Yorker**, ao xuízo do Tenente Coronel nazi da SS (Schutzstaffel en alemá, ou “Escuadróns de Protección”: organización paramilitar de elite do partido nazi, clave no Holocausto e na maquinaria de terror de Adolf Hitler), **Adolf Eichmann**, responsable de organizar a loxística da **“solución final fronte á cuestión xudía”**: con esta terminoloxía referíanse os nazis ao **plan para o xenocidio sistemático implementado a partir do ano 1941** para o exterminio dos grupos considerados “indesexables” segundo a súa ideoloxía racial,

especialmente os **xudeus no Holocausto nazi**: deportacións dos xudeus (e outros colectivos raciais) en trens aos **campos de concentración**, coma o de **Auschwitz en Polonia**, para logo ser **exterminados con gas Ciclón B** nas duchas dos campos de concentración.

Este xuízo celebrouse en Xerusalén, logo de que o servizo secreto israelí (**Mossad**) descubriera e apresara a **Eichman en Arxentina**, a onde fuxira para agocharse ao rematar a 2ª Guerra Mundial. O artigo de Arendt, logo publicado como libro, foi e segue sendo moi polémico porque molestou sobre todo aos xudeus, ao describir a Eichman coma un **“malvado banal”**: unha persoa normal, pai de familia preocupado, funcionario nazi esmerado en cumprir as ordes, pero **sen capacidade de “pensamento crítico” para opoñerse ao réxime nazi**.

No seu artigo, **Arendt**, a diferenza da hipótese que intentaba defender o fiscal da causa, **argumenta que Eichmann non era un monstro excepcional**, senón un burócrata obediente e carente de pensamento crítico. Segundo Arendt, Eichmann encarnaba unha forma de maldade ordinaria, caracterizada pola xa mencionada incapacidade para pensar e cuestionar as ordes e as accións que levou a cabo. Arendt destaca como **Eichmann se vía a si mesmo simplemente como un “home obediente”**, seguindo ordes disciplinadamente, **sen deterse a considerar as consecuencias das súas accións**, e revelando **unha forma de “mal banal”** que pode xurdir en situacións nas que a **obediencia á autoridade e a falta de reflexión ética** permiten a comisión de actos inhumanos.

Na década de **1960** o psicólogo **Stanley Milgram** realizou un célebre **experimento** para investigar o **grao de obediencia que as persoas estaban dispostas a mostrar cara unha autoridade**, incluso cando as súas accións puideran causar dano a outros. Neste experimento **demóstrase que calquera persoa normal pode chegar a cometer actos inhumanos**.

Véxase o seguinte vídeo do experimento de Milgram: <https://www.youtube.com/watch?v=8rocRcUOwFw>

Conclusión desta obra: Arendt, no libro *Eichmann en Xerusalén*, cambia a súa **“concepción do mal” desde o “mal radical” -tal como o formulara na obra *As orixes do totalitarismo-*, ao “mal banal”**. Co **“mal radical”** do primeiro libro referíase a unha **“maldade extrema e premeditada”** debida á capacidade humana para negar a humanidade dos demais e tratalos coma meros obxectos o **“medios para un fin”**, converténdoo en superfluos, mentres que no segundo libro, por **“mal banal”** entende as accións maliciosas realizadas sin **“pensamento crítico”** e incluso sin un forte compromiso ideolóxico. Por iso o **“mal banal” é tan perigoso e encerra un gran poder de propagación**. (Vémolo hoxe en moitas ideoloxías totalitarias)

4.3.- A condición humana, de 1958

No título da obra, Arendt utiliza explicitamente o **concepto de “condición humana” en lugar de “natureza humana” ou “esencia humana”**, para rexeitar a idea de que os seres humanos están **limitados por características esenciais e fixas**.

Tamén nesta obra Arendt fai unha **interpretación negativa da Época Moderna**, afirmando que neste período histórico **transformouse a relación entre o individuo e o mundo no que vive, levado a unha alienación crecente, na que os seres humanos se senten desconectados de si mesmos, dos demais e do mundo**. E argumenta a favor da **necesidade de recuperar un sentido de pertenza e unha conexión xenuína cos demais para superar esta alienación e revitalizar a “esfera pública”**. Neste sentido fala da **“perda do mundo”**, que, na súa propia terminoloxía significa a **restrición ou eliminación a “esfera pública de acción”**, un discurso en favor do

"mundo privado" e a persecución de "intereses económicos particulares". Polo tanto a modernidade é para Arendt, a **era da administración burocrática e o traballo anónimo**, máis ca da política e a acción, unha **época da dominación das elites e da manipulación da opinión pública**. É a época na que a **homoxeneidade e o conformismo** que erosionou a solidariedade humana e todas as formas espontáneas de convivencia.

Polo tanto, na súa análise da historia utiliza a estratexia **hermenéutica** (este termo significa interpretación) tomando de **Walter Benjamin** a idea de unha "**historiografía fragmentaria**", que busca identificar os **momentos de ruptura, desprazamento e dislocación na historia**. Tal historiografía permite recuperar conceptos clave do pasado capaces de ser vivificados no presente. Tamén de **Martin Heidegger** toma a idea de unha **lectura deconstrutiva da tradición filosófica** occidental, capaz de descubrir o **significado orixinal das nosas categorías** e liberalas das transformacións deturpadoras da tradición: **por exemplo, en Aristóteles**, a antiga noción de "**praxe**" oposta tanto ao saber "contemplativo ou teoría", coma ao saber "produtivo ou poíesis".

Así Arendt analiza nesta obra un **concepto central** que denomina a "**vita activa**", referido ás distintas actividades dos seres humanos no mundo. Ela identifica **tres formas principais de actividade** dentro da "**vita activa**": **labor, traballo e acción**.

a) **O labor** é unha actividade esencialmente **biolóxica e relacionada coas necesidades básicas de supervivencia**, como a alimentación, a reprodución e a satisfacción das necesidades materiais. O labor está relacionado coa **esfera privada**.

b) **O traballo** é a actividade relacionada coa **produción de obxectos duradeiros**, como ferramentas, construcións e obras de arte. Implica a transformación do mundo **a través do traballo humano**, e os resultados desta actividade teñen certa permanencia no tempo.

c) **A acción** é a forma máis elevada de actividade humana, segundo Arendt. A acción refírese ás **actividades realizadas no "dominio público"**, no contexto da "**esfera política**". Implica a **interacción e a "comunicación"** entre as persoas, a "**deliberación**" e a "**toma de decisións colectivas**".

Así a "**acción**" é a **forma máis importante de actividade humana**, que Arendt recupera desde a **antiga noción aristotélica de "praxe"** e representa unha das contribucións máis orixinais ao pensamento político do século XX. Esta orixinalidade débese a que Arendt **distingue a acción (praxe) da fabricación (poiesis)**. A **praxe (acción) está vinculada** a dúas características: a "**liberdade**" e a "**pluralidade**".

a) Por "**liberdade**" Arendt non entende a capacidade de elixir entre un conxunto de alternativas posibles (coma no existencialismo), senón a **capacidade de comezar algo novo, de facer o inesperado**, capacidade da que están dotados todos os seres humanos **polo feito de ter nacido**. A acción como realización da **liberdade ten as súas raíces na "natalidade"**, no feito de que **cada nacemento representa un novo comezo** e a introdución dunha novidade no mundo.

b) A "**pluralidade**" é a condición da vida política. Refírese **tanto á igualdade coma á distinción**: A igualdade no sentido de que todos os seres humanos pertencen á mesma especie e son o suficientemente parecidos como para entenderse entre si. Pero tamén a distinción: **nunca dous deles son intercambiables**, xa que cada un deles é un individuo dotado de unha **biografía e unha perspectiva do mundo únicas**.

Polo tanto, a acción, na medida en que require “**aparecer en público**”, debe darse a coñecer a través de “**palabras e feitos**” e obter o consentimento dos demais, por lo que Arendt mostra a **conexión da acción co discurso**.

A acción, sen a presenza e o **recoñecemento dos demais**, deixaría de ser unha actividade significativa. A su vez, a acción, na medida en que **require *aparecer en público***, debe darse a coñecer a través de ***palabras e feitos*** e obter o consentimento dos demais, polo que Arendt amosa a **conexión da acción co discurso**, salientando repetidamente que a acción é principalmente de carácter simbólico (palabras, discurso) e que a rede de relacións humanas se sustenta na **interacción comunicativa**.

A **acción implica**, en consecuencia, a **fala**. E á inversa, a **fala implica acción**. Este vínculo entre acción e discurso é central para a caracterización do “poder” de Arendt. Ese **“poder das persoas” brota cando actúan “en concerto” (acordo, consenso, deliberación)**, e actualízase só onde as palabras non son baleiras e os feitos non son brutais, onde as palabras non se usan para velar intencións senón para revelar realidades. Ademais, **na acción e no discurso os individuos revélanse como os individuos únicos que son**, revelan ao mundo as súas distintas personalidades. En termos de Arendt, **revelan “quen” son a diferenza de “que” son**.

Polo tanto, **só na acción e na fala se revela a identidade de cada individuo**, a súa individualidade: **“quen” son a diferenza de “que” son**. Isto non ocorre nas outras dúas formas de actividade humana: o labor e o traballo.

A) **No labor** dilúese a individualidade de cada persoa ao estar ligada a unha cadea de necesidades naturais impostas pola supervivencia biolóxica: debemos atender as necesidades do noso corpo e, nese sentido, todos obedecemos aos mesmos *imperativos*.

B) **No traballo** hai un pequeno marxe para a individualidade, debido a que cada obra de arte ou produción leva a marca do seu autor. Pero nas fabricas do capitalismo moderno o fabricante aínda está subordinado ao *produto final*. Ademais, o produto final revela pouco sobre o fabricante excepto o feito de que el ou ela foi capaz de facelo. Non nos di *quen* foi o creador, só que el ou ela tiña certas habilidades e talentos.

C) Polo tanto, **só na acción e na fala**, na **interacción con outros a través de palabras e feitos**, ocorre que **os individuos revelan “quen” son** persoalmente e poden **afirmar as súa identidades únicas**.

Conclusións políticas desta obra:

Na política Hannah Arendt defendeu un “**republicanismo cívico**”. Foi unha firme defensora do “***constitucionalismo***” e do “***estado de dereito***”, é dicir, unha **defensora dos “dereitos humanos”** fundamentais, e entre estes dereitos fundamentais incluía non só o “***dereito á vida***”, a “***liberdade***” e a “***liberdade de expresión***”, senón tamén o “**dereito á acción e á opinión**”.

Foi **crítica** de todas as formas de **comunidade política só baseadas na *identidade relixiosa, étnica ou racial***.

A súa **concepción da política** baseouse na idea dunha “**ciudadanía activa**”, é dicir, na importancia

do “**compromiso cívico**” e a “**deliberación colectiva**” sobre todos os asuntos que afectan á comunidade política.

Por iso tense afirmado, que se hai unha tradición de teoría política coa que se pode identificar a Arendt, esta é a tradición clásica do “**republicanismo cívico**” que se orixinou con Aristóteles (a politeia ou república, unha sociedade de “clase media”, seguindo o mesotés da súa ética, que delibera na ágora) e se materializa nos escritos de Montesquieu, Jefferson e Tocqueville. Segundo esta tradición, a política atopa a súa expresión auténtica cada vez que os cidadáns se reúnen nun espacio público (este era a ágora para as asembleas dos gregos) para “deliberar e decidir” sobre asuntos de interese colectivo.

Máis aínda, dada a súa **propia experiencia de expatriada** e do feito de ter estado máis de dez anos sin cidadanía, Arendt acuña a célebre expresión “**o dereito a ter dereitos**”. Esta autora observou como durante o século XX, especialmente **durante o auxe do totalitarismo**, moitas persoas atopáronse “sin dereitos”, “sin cidadanía” e sin protección debido ao seu status de apátridas ou excluídos da comunidade política. Esta expresión significa hoxe, gracias á súa contribución, o **recoñecemento da condición universal de persoa** para todos e cada un dos seres humanos independentemente da cidadanía nacional (DUDH).

Por todo isto, Hannah Arendt recibiu unha gran valoración positiva, máis alá do seus puntos de vista, por momentos, polémicos (Eichmann en Xerusalén). E, fundamentalmente, pola súa valentía ao abordar temas controvertidos desafiando as opinións establecidas, incluso cando eso implicara enfrontar críticas e unha férrea oposición.

V.- RELACIÓNS COA ACTUALIDADE PARA UN TEXTO COMPETENCIAL

Tras da Segunda Guerra Mundial os aliados vencedores contra Hitler (EEUU e Europa) deseñaron tres institucións para intentar construír un “**mundo civilizado**”:

a) **A ONU 1945** (Organización das Nacións Unidas): fundada en 1945 tras a Segunda Guerra Mundial por 51 países. Actualmente, con 193 estados membros, traballa para manter a paz e seguridade internacionais. A ONU debería encargarse de supervisar que estes Dereitos Humanos sexan respectados por calquera estado do mundo: ningún Estado debe ter dereito a intervir en outro país sen o permiso da ONU.

b) **A DUDH 1948** (Declaración Universal dos Dereitos Humanos) que deberían ser respectados por todos os Estados. Resolución da ONU o **10 de decembro de 1948** en París.

c) **A OTAN 1949** (Organización del Tratado del Atlántico Norte 1949): alianza defensiva de EEUU e Europa contra o **PACTO DE VARSOVIA** da URSS (Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas): Bloque capitalista fronte ao bloque comunista (incluía China, Cuba, Corea do Norte...).

Durante un longo período estas institucións foron máis ou menos respectadas por todos os países do “**mundo civilizado**” (Europa e EEUU), enfrontados ao mundo “**menos civilizado**” (URSS).

d) **Historia de Israel (Post-1945):** Dentro deste “**mundo civilizado**” tratouse de incluír ao Estado de Israel, fundado despois da fin da Segunda Guerra Mundial. Fagamos un pouco de historia:

- **1947-1948: Fundación e Independencia:** Tras o Holocausto nazi, a presión para crear un estado xudeu aumentou. A ONU propuxo dividir o Mandato Británico de Palestina en dous estados. O 14 de maio de **1948 Israel declarou a súa independencia**, provocando a primeira guerra árabe-israelí.
- **1948-1949: Guerra da Independencia: Israel gañou a guerra logrando ocupar un territorio maior (un 23% máis) ao proposto inicialmente pola ONU.** Cixordania (oeste do río Xordán) quedou baixo o control de Xordania, e Gaza baixo o control de Exipto.
- **1956: Crise de Suez:** Israel, xunto a Reino Unido e Francia, atacou Exipto para controlar o canal, tras a nacionalización do Canal de Suez por parte de Exipto para poder construír a presa de Asuán, pero Exipto (gracias á presión de EEUU e a Unión Soviética) fíxose co control do canal, co cal as potencias europeas perderon o seu dominio colonial e Israel tivo que retirarse tamén da **península do Sinaí invadida durante a crise de Suez.**
- **1967: Guerra dos Seis Días:** Israel realizou un “**ataque preventivo**” contra Exipto, Xordania e Siria, ocupando a **Península do Sinaí** (situada entre Exipto e Israel, antes dominada por Exipto e hoxe tamén), a **Franxa de Gaza** (que estaba en poder dos Exipcios dende a Guerra de independencia), **Cixordania** (ribeira occidental do río Xordán, antiga Xudea e Samaria, que estaba en poder de Xordania dende a Guerra de Independencia de Israel), **Xerusalén Este** (que quedara baixo control xordano na Guerra árabe-israelí) e os **Altos do Golán** (situados entre Líbano, Siria, Xordania e Exipto, antes pertencentes a Siria). É dicir, **Israel ocupou territorios de Exipto, Xordania e Siria.**
- **1973: Guerra de Yom Kippur** (Día sagrado da expiación, do perdón e o arrepentimento de corazón ou sincero): Unha coalición árabe liderada por Exipto e Siria atacou a Israel por sorpresa durante a festividade de Yom Kippur, coa intención de recuperar o Sinaí e os Altos do Golán. Israel logrou repeler o ataque.
- **1979: Paz con Exipto:** Foi o primeiro tratado de paz entre Israel e un país árabe (Exipto), no que **Israel devolveu a Península do Sinaí.** Acordos de paz de Camp David mediados polos EEUU de Jimmy Carter.
- **1982: Primeira Guerra do Líbano:** A denominada “**Operación Paz para Galilea**” ou “Primeira guerra do Líbano” foi unha **invasión do sur do Líbano por parte de Israel para frear os ataques da OLP** (Organización para a Liberación de Palestina) e expulsala do Líbano.
- **1993: Acordos de Oslo:** Primeiros **acordos directos entre o goberno israelí e a OLP** (Organización para a Liberación de Palestina), buscando unha **solución de dous estados (Israel e Palestina).**
- **Século XXI:** Período marcado pola **Segunda Intifada** (Insurrección popular palestina contra a ocupación israelí), a **desconexión de Gaza en 2005** (ou Plan de retirada unilateral israelí consistiu

en eliminar toda presenza permanente civil israelí da Franxa de Gaza, así coma **eliminar catro asentamentos da parte norte de Cisjordania** administrados por Israel desde a guerra dos Seis Días) e **múltiples conflitos con Hamas**, xunto con unha crecente **normalización de relacións con algúns países árabes** (Acordos de Abraham).

- **HISTORIA DA XEOESTRATEGIA MUNDIAL:** Pero volvamos ao final da 2ª Guerra Mundial, e aos esforzos por construír un “**mundo civilizado**” coa fundación da **ONU 1945**, **a DUDH 1948** e **a OTAN 1949**.

- A “**Guerra Fría**” entre **1947 e 1991**: foi un enfrontamento político, ideolóxico, económico e militar entre dous grandes bloques de poder liderados polas superpotencias que foran aliadas durante a Segunda Guerra Mundial: **Bloque Occidental**: Liderado por **Estados Unidos** que defendía o sistema **capitalista e a democracia liberal**; e o **Bloque do Este**: Liderado pola **Unión Soviética (URSS)** que promovía o **sistema comunista** e un modelo de **partido único**. Estes bloques tiñan o seu límite no **muro de Berlín**.

- **Perestroica 1985**: En 1985 o dirixente soviético Michail **Gorbachov** instaurou a “**Perestroica**” (reestruturación política e económica) na URSS, que tivo como consecuencia a **desmantelamento da URSS** e que moitos dos territorios baixo influencia soviética adquirisen a súa independencia (Bloque do Leste: desde Alemaña do leste ata Rusia) e **acordaron coa OTAN que eses países non entrasen na OTAN** e isto non se cumpriu: a maioría de países da órbita soviética entraron na OTAN.

- **Caída do Muro de Berlín 1989**: Ocorreu a noite do **9 de novembro de 1989**. Marcou o fin da división física e ideolóxica (capitalistas e comunistas) de Alemaña e converteuse no símbolo máximo da **fin da Guerra Fría** e do **Telón de Aceiro**.

- **Guerra de Ucraína 2022-**: Tras unha primeira fase da guerra ruso-ucraniana entre 2014 e 2015, en **2022 Vladímir Putin** (antigamente membro da KGB: Comité de Seguridade do Estado da URSS), decidiu que xa estaba canso de que a OTAN incorporase a moitos dos Estados do bloque do leste da antiga órbita soviética infrinxindo o tratado acordado na Perestroica con Gorbachov. Así que, para impedir que a OTAN chegase ás mesmas portas da súa casa (Ucraína) **decidiu emprender a Guerra de Ucraína para recuperar algúns territorios da antiga URSS e impedir que a OTAN chegara ás portas de Moscú**.

- **China durante a segunda metade do século XX**: Ao mesmo tempo, por outra banda, durante a segunda metade do século XX **China** mantivo un “**comunismo**” **desde o punto de vista político, pero introduciu cambios “capitalistas” na súa economía**, de tal xeito que agora é un dos **países máis punteiros a nivel económico** (a pesares de ser “comunista” na súa política) e representa hoxe a maior **ameaza económica para os EEUU**.

- **EEUU de Trump 2024-**: No medio destes cambios tan rápidos (caos político) **Donald Trump** gañou as eleccións nos EEUU (primeiro en 2017) e agora dende 2024 é o presidente de EEUU co

lema “**América first!**” e o seu movemento **MAGA** (“**Make America Great Again**”). En apenas un ano de mandato comezou cambiar a nomenclatura do mapa americano (o “**Golfo de México debe pasar a chamarse “Golfo de América**”), a continuación estableceu “**aranceis**” coa maioría dos países (en contra do seu liberalismo económico tradicional: Adam Smith), tratou co seu inimigo tradicional, Putin, para intentar rematar coa **Guerra de Ucraína** (ameazando con retirarlle o apoio da OTAN e **desprezando a Zelenski**: non rematou coa guerra), **apoiou a Israel na súa guerra desigual contra Palestina** co argumento do “**atentado terrorista**” de Hamás. Trump tampouco rematou con esta guerra desigual: os israelitas seguen bombardeando aos palestinos que xa viven na máis inimaxinable indixencia, mentres **Trump propón que se constrúan “resorts**” (grandes hoteis para o turismo no territorio dos palestinos).

Bombardeo a Irán 2025: "Operación Martelo de Medianoite" (*Operation Midnight Hammer*)
21-22 de **xuño 2025**: Por sorpresa, e mentres negociaba con Irán, durante a noite do **21 al 22 de xuño de 2025**, Trump, “**contra a ameaza nuclear**” de Irán, enviou **bombardeiros americanos para destruír a capacidade nuclear de Irán**. A partires deste feito, comezou a ser tomado en serio polo resto do mundo: coidado con este personaxe, pois ten nas súas mans o poder do exército dos EEUU.

Invasión de Venezuela: "Operación Resolución Absoluta" 2026: Despois de bombardear lanchas que “supostamente” transportaban droga aos EEUU, o 3 de xaneiro de 2026, forzas estadounidenses levaron a cabo una incursión lóstrego en Caracas, que resultou na **captura de Nicolás Maduro** e súa muller, Cilia Flores. Mentres que o **verdadeiro interese de Trump era que quería apropiarse do petróleo de Venezuela**. Con este pretexto o exército estadounidense entrou en Venezuela apresou ao presidente “**Maduro**”, para ser “**xulgado**” (di Trump) en EEUU, **contravindo así todo o “Dereito internacional**”. Como os acontecementos se suceden tan rapidamente, xa ninguén se acorda de Maduro, que está nun cárcere de Nova York.

Ameaza con conquistar Groenlandia: Polo medio destes acontecementos Trump decidiu que **Groenlandia** (antiga colonia de Dinamarca) **é un territorio que debe pertencer a EEUU (polas boas ou polas malas) por razóns de defensa estratéxica**: pois co desxeo no Polo Norte ábranse novas rutas marítimas máis curtas e as terras que estaban cubertas de xeo agochan tesouros antes insospeitados: minerais raros (necesarios para teléfonos móbiles e tecnoloxías punteiras) e outros recursos que aportan moita riqueza. O argumento de Trump é: Groenlandia ten que ser de EEUU (propón a compra ou a conquista militar) porque, segundo el, **se non o fan os americanos farano os rusos ou os chinos**.

Ameaza con conquistar Cuba: A última ocorrencia de Trump: **asfixiar a Cuba (antigo socio comunista da URSS) sen subministro de petróleo ameazando con ocupala**. Con Cuba xa tivo EEUU unha “**crise dos misis rusos**” en 1962 cando Cuba era socio da URSS.

Política interior: creación do “Servicio de Inmigración e Control de Aduanas ou ICE (U.S. Immigration and Customs Enforcement): No interior do país, Trump instaurou unha policía (ICE) para perseguir e expulsar do país a todo estranxeiro indocumentado (e incluso aos que teñen documentos).

E todo isto en pouco máis de “UN ANO DE MANDATO!”

- **GUERRA DE IRÁN:** Comenzou o **28 de febreiro de 2026** con unha operación conxunta de **EE. UU. De Trump e Israel de Netanyahu** denominada "**Furia Épica**".

1) Intereses económicos:

A) Gas natural nas costas de Israel e Líbano: En 1999 descubriuse **gas natural** na costa de Israel e Líbano. En 2022 chegou a un “acordo marítimo”, mediado por EE. UU, que definiu a fronteira con Israel, permitindo a Líbano explorar o xacemento de Cana, mentres que Israel xestiona o de Karish.

B) Control do petróleo no estreito de Ormuz: é o interese económico de Trump, xunto co petróleo de Venezuela.

- **Actual guerra Israel-Gaza 2023-:** comezou tralos ataques de Hamás o 7 de outubro de 2023. A guerra é **desproporcional** por parte de Israel, arrasando toda a franxa de Gaza, atacando poboación civil e nenos, **impedindo a entrada de axuda humanitaria e coa colaboración dos EEUU de Trump** que propón construír resorts de luxo nese territorio.
- **Actual guerra de Israel contra o Líbano 2023-:** desde outubro de 2023 débese fundamentalmente á presenza da milicia chiita **Hezbollah** no sur do Líbano e os seus constantes enfrontamentos con Israel, potenciados pola **alianza de Hezbollah con Irán** e responde ao **apoio de Hezbollah a Hamás** trala guerra en Gaza. O **recrudescemento** da guerra a partires do 2026 no Líbano foi iniciada en **marzo**. Israel mantén tropas no sur do Líbano buscando **crear unha "zona de seguridade" contra Hezbollah**. O trasfondo económico é tamén a explotación dos **xacementos de gas natural** nas costas do Líbano.
- **Actual guerra de Irán 2026-:** **Israel de Netanyahu aliada cos EEUU de Trump** comezou esta guerra 28 de febreiro de 2026, cando un ataque conxunto de Israel e EE. UU. acabou coa vida do líder supremo, o **ayatolá Ali Jameneí**. A guerra continúa centrada no bloqueo do estreito de Ormuz, afectando a economía mundial por causa dos altos precios do petróleo.

BLOQUES DA NOVA “DESORDE” MUNDIAL:

EEUU+Israel, China+Rusia+Irán?: Cal é o **papel que debe xogar a Unión Europea?** A Unión Europea vese na obriga de **augmentar o seu gasto militar** (e quizais construír un exército propio) para defenderse da **ameaza rusa**, posto que os **EEUU de Trump ameazan con deixar a OTAN** e á Unión Europea sen defensa.

CONCLUSIÓN: Toda este “**desorde política actual**” ten que ver coa **historia europea desde o final da Segunda Guerra Mundial**. Coa Guerra de Ucraína **Putin** comezou a romper o “**mundo civilizado**” deseñado tras da Segunda Guerra Mundial, pero con **Trump e Benjamín Netanyahu** non sabemos ata onde pode chegar a barbarie!

HANNAH ARENDT NESTE NOVO TOTALITARISMO (PREGUNTA COMPENTENCIAL):

Se temos en conta que esta “**desorde política actual**” ten as súas raíces na Segunda Guerra Mundial, e que **H. Arendt** estivo involucrada de cheo en toda esta historia europea ata a súa morte en 1975, e especialmente **vinculada aos países hoxe protagonistas dos conflitos: Alemaña, Estados Unidos e Israel**, tratemos de **relacionar as ideas das súas obras coa crise mundial actual**:

A xudía Arendt, tivo que emigrar de Alemaña a EEUU polo **xenocidio nazi**. **Criticou o antisemitismo e o imperialismo como impulsores dos totalitarismos nazi e stalinista**. En canto ao **antisemitismo** cal sería a súa opinión actual sobre a **deriva do goberno de Netanyahu** aprobando a **pena de morte exclusivamente para palestinos** xulgados por tribunais militares israelís? É certo que a pena de morte xa existía no ordenamento xurídico israelí, pero **non se aplicaba desde 1962 tras o xuízo ao nazi Adolf Eichmann** e o país mantiña una moratoria de facto. E con respecto ao **imperialismo** que, segundo Arendt, se apoiaba no “**racismo**” das potencias europeas coas súas colonias, que diría da actual lei de **pena de morte contra os palestinos cando rexeitou calquera réxime apoiado en sectarismos relixiosos, étnicas ou raciais**? Cal sería o seu asombro ante a **expulsión de inmigrantes estranxeiros en EEUU** pola policía de Trump? E que dicir sobre a actual expansión do **imperialismo de Trump e Netanyahu**?

Arendt, na seu artigo *Eichmann en Xerusalén*, descubriu que **o mal non ten por que ser “radical”** como afirmaba na obra *As orixes do totalitarismo*, senón que pode ser “**mal banal**”, coma no caso de Eichmann en Xerusalén confirmado despois no célebre experimento de Milgram. Este “**mal banal**” **non está hoxe presente na Guerra de Irán, nos cidadáns estadounidenses que votaron a Trump, nos cidadáns que non alzan a voz na “esfera pública” converténdose en “masa conformista e manipulable” pola propaganda política**.

A súa proposta política foi un “**republicanismo cívico**” iniciado con **Aristóteles** e continuado nos escritos de **Montesquieu, Jefferson e Tocqueville**. Segundo esta tradición, a política atopa a súa expresión auténtica cada vez que os cidadáns se reúnen nun “**espacio público**” (este era a ágora para as asembleas dos gregos) para “**deliberar**” e **decidir sobre asuntos de interese colectivo**. Foi unha firme defensora do “**estado de dereito**”, é dicir, unha **defensora dos “dereitos humanos”** fundamentais, e entre estes dereitos fundamentais incluído o “**dereito á acción e á opinión**”.

Como dixemos foi **crítica de todas as formas de comunidade política só baseadas na identidade relixiosa, étnica ou racial**. Que dicir dos atropellos dos dereitos humanos en Gaza e cos inmigrantes estadounidenses? Onde queda a reivindicación de Arendt na célebre expresión “**o dereito a ter dereitos**”, por ter vivido ela mesma a condición de expatriada e estar máis de dez anos sin cidadanía?

A súa **concepción da política baseouse na idea dunha “ciudadanía activa”**, é dicir, na importancia

do “*compromiso cívico*” e a “*deliberación colectiva*” sobre todos os asuntos que afectan á comunidade política. A súa proposta trata de revitalizar a “esfera pública”, fomentar a “vita activa”. Nos novos “totalitarismos” non hai “ciudadanía activa”, “deliberación colectiva”, a “vita activa” vólvese de novo “conformista” e “pasiva”: unha masa manipulable. A súa reclamación de que a cidadanía recupere o seu espacio de debate e a liberdade individual negada polos totalitarismos é máis actual agora que nunca.

De xeito paradóxico atopámonos hoxe nun mundo que involuciona arrastrado por intereses económicos imperialistas: un Israel xenocida en Gaza e Líbano e codicioso do gas natural de Líbano, e uns EEUU de Trump que trata de dominar o petróleo de Irán, mentres que na política interior expulsa aos inmigrantes mediante a súa recén creada policía ICE e sáltase todos os controis do parlamento americano iniciando conflitos sen autorización.

Que paradoxo resultaría para Arendt!: Alemaña, o país natal desta xudía, aumenta o seu gasto militar para defenderse da ameaza de Putin, EEUU, a nación que a acolleu para refuxiarse do nazismo alemá, involuciona a nivel político e social, e Israel, o Estado creado para que os xudeus non fosen incriminados coma “chibos expiatorios” convértese nun estado xenocida e racista: lei de marzo do 2026: O Parlamento israelí (Knéset) aprobou unha lei que permite aplicar a **pena de morte** exclusivamente a palestinos condenados por tribunais militares israelís por ataques que resulten en mortes. Anque a pena de morte xa existía no ordenamento xurídico israelí, non se aplicaba desde 1962 (Adolf Eichmann) e o país mantíña una moratoria de facto. Esta lexislación xerou una forte controversia internacional e críticas de organizacións de dereitos humanos.

Parece que só nos queda a esperanza da “liberdade” tal e como a entende Arendt: non a capacidade de elixir entre un conxunto de alternativas posibles (coma no existencialismo), senón a **capacidade de comezar algo novo, de facer o inesperado**, capacidade da que están dotados todos os seres humanos **polo feito de ter nacido**. Así que a única esperanza é que a “acción”, a “praxe” que ela reivindica contra os totalitarismos se revitalice na “esfera pública”, e que a “liberdade” atope novas raíces na “natalidade”, nas novas xeracións, no feito de que cada nacemento representa un novo comezo e a **introdución dunha novidade no mundo: a paz!**

TEXTOS SELECTIVIDADE HANNAH ARENDT

ARENDT (texto 1)

As orixes do totalitarismo.

Dende os gregos sabemos que unha vida política moi evolucionada alberga unha enraizada suspicacia cara esta esfera privada, unha profunda hostilidade cara o inquietante milagre contido no feito de que cada un de nós fiquese como é –singular, único, inmutable. Toda esta esfera do simplemente outorgado, relegada á vida privada na sociedade civilizada, constitúe unha ameaza permanente á esfera pública porque a esfera pública está tan consecuentemente baseada na lei da igualdade como a esfera privada está baseada na lei da diferenza e da diferenciación universais. A igualdade, a diferenza a todo o que está implicado na simple existencia, non nos é outorgada, senón que é o resultado da organización humana, en tanto que se guía polo principio da xustiza. Non nacemos iguais, chegamos a selo como membros dun grupo pola forza da nosa decisión de concedernos mutuamente dereitos iguais.

A nosa vida política descansa na presunción de que podemos producir a igualdade a través da organización, porque o home pode actuar nun mundo común, cambialo e construílo, xunto cos seus iguais e só cos seus iguais.

ARENDT, H.: *As orixes do totalitarismo* (Segunda parte, Capítulo 9: A decadencia do estado-nación e o fin dos dereitos).

ARENDT (texto 2)

As orixes do totalitarismo

A iniciativa intelectual, espiritual e artística é tan perigosa para o totalitarismo como o é a iniciativa do gánster para o populacho, e as dúas son mais perigosas que a simple oposición política. A implacable persecución de cada forma superior de actividade intelectual polos novos dirixentes de masas procede dalgo mais que do seu resentimento natural contra todo o que non son quen de comprender. A dominación total non permite a libre iniciativa en campo algún da vida, tampouco ningunha actividade que non sexa abertamente previsible. O totalitarismo no poder substitúe invariablemente a todos os talentos de primeira fila, cales foran as súas simpatías, por aqueles fanáticos e tolos nos que a carencia de intelixencia e de creatividade segue a ser a mellor garantía da súa lealdade.

ARENDT, H.: *As orixes do totalitarismo* (Terceira parte, Capítulo 10: Unha sociedade sen clases).

COMENTARIOS DE TEXTO OU COMPETENCIAIS

A) Se é un comentario de un dos dous textos:

Ambos textos propostos son da súa primeira obra importante *As orixes do totalitarismo*. Para calquera dos dous textos precisamos:

- 1) Resumo das ideas da obra *As orixes do totalitarismo*: o “mal radical” dos totalitarismos nazi e stalinista, o “control absoluto”, a destrución da “identidade do individuo”, a propaganda que controla a masa etc.
- 2) Resumir logo a obra Eichmann en Xerusalén e a “banalidade do mal”.
- 3) Rematar coas ideas da obra *A condición humana*: o “republicanismo cívico” (Aristóteles), a “acción ou praxe”, a recuperación da “esfera pública” (ágora) etc.

B) Se é un texto competencial:

1) Facer un resumo semellante ao que propoño eu arriba no punto: HANNAH ARENDT NESTE NOVO TOTALITARISMO (PREGUNTA COMPETENCIAL): **relacionar as ideas de Arendt co “mundo civilizado” deseñado tras a Segunda Guerra Mundial fronte á “nova desorde mundial” actual.**